

o barquiño de papel

Biblioteca de Ceip Condasa de Fenosa
O Barco de Valdeorras (Ourense)

Nadal 2007

dklajbdkjgokjrlklf

Carta a Papa Noel

Xa pensastes o que lle ides pedir aos Reis Magos e a Papá Noel? Non? Se non sabedes que pedir ou vos parece que tedes unha lista moi longa, invítovos a ler esta carta para que vexades o que piden outros nenos do Mundo. Pode que vos axude a reflexionar e a incluír na vosa lista de regalos, o desexo de que todos os nenos e nenas teñan a mesma ilusión ca vós . Seguro que lles chega!



Querido Papá Noel:

Escriboche esta carta porque mo pediu unha amiga que teño en España. Contoume moitas cousas de ti e dos Reis Magos e faille ilusión que vos pida todo o que desexo.

Eu non creo que me visites, estás acostumado ao clima frío e se viaxas aquí seguro que enfermarias co cambio de temperatura. Ademáis, o teu trineo podería atascarse na area. Eu vivo nunha pequena cabana feita de ramas moi flexibles, recubertas de barro. Non ten cheminea nin tellado. A porta da miña casa é moi estreita. ¿Cómo podería entrar por ela un home tan grosso e forte coma Ti, Papá Noel?

A única árbore que crece preto da miña casa é a acacia. As árbores de nadal das que me falan, non crecen na terra dos Masai. E por se fora pouco, hai moitas hienas por aquí e poderían atacar aos renos. Non temos doces para deixarvos. É verdade que temos moito leite das nosas vacas, pero as galletas

só as hai nas tendas das cidades e a máis próxima está a corenta kilómetros do meu poboado. Tampouco podo preparar o calcetín, xa que ninguén da miña familia leva calcetíns nin botas. Como ves, con tantos atrancos, non me atrevo nin a soñar coa túa visita.

Antes de rematar, quixera pedirche dúas cousas: A primeira é que lle deixes á miña amiga moito carbón de azucre, aínda que se portara ben. Ela vainolo facer chegar. Nós, polas mañás bebemos unha taza de té ben azucarado e con esto aguantamos ata o xantar, a única comida que facemos. O carbón de azucre seranos moi útil. A segunda cousa que che pido é que cando vexas aos Reis Magos lles des esta mensaxe da miña parte: Olinka non quere xoguetes, porque non sabería que facer con eles, pero sí lle encantaría recibir unha manta porque no Nadal temos a estación das chuvias e moita xente ponse mala de malaria. A manta sería de moita axuda para todas as persoas que están tremendo pola febre.

Non vos pido nada máis porque teredes que repartir entre todos os nenos do mundo.

Unha aperta.

Olinka



Verdade que é unha carta ben diferente das que escribides? Que sorte temos de vivir aquí, onde Papá Noel e os Reis non teñen ningún problema para chegar!

Ademáis de pedir moitos ragalos na carta, seguro que vos apetece decorar a clase, o colexio, a casa... con cousas feitas por vós mesmos. Aquí tedes un boneco de neve que podedes facer reutilizando envases.

Na biblioteca do Colexio atoparedes moitos libros con manualidades para estas datas. E para os que lle guste consultar en internet, tamén teñen moitas páxinas con centos de ideas: www.guiainfantil.com , www.yodibujo.com , www.secomohacer.com , www.ozonalia.org ...

¿A que esperades? Animo! Seguro que o voso Nadal vai estar cheo de cores e ilusión.

ERRO NO ANTERIOR BARQUIÑO

Cando xa tiñamos impreso todos os exemplares do Barquiño anterior, démonos de conta de que se dicía que só había unha exposición sobre o outono no pasillo do primeiro ciclo, cando en realidade había un montón delas, nos pasillos de 3º e 4º, en 5º e 6º, e, como non, tamén en infantil.

Perdoade polo erro, tentaremos que os nosos reporteiros non se volvan equivocar; e se o volven facer os tabeiróns do Sil hanse levar unha enchenta.

BIBLOGTECA

Despois de moito procurar o mellor servidor posible, atopamos un lugar onde creamos un novo blog para a biblioteca. A máis de ler as novas que alí se poñen, e de poder escribir os vosos comentarios, tamén podedes consultar o Barquiño en versión dixital. O novo enderezo é:

<http://condesa.blogaliza.org>

Esperámovos, a vós e aos vosos comentarios.

CLUBES DE LECTURA

Seguimos adiante cos Clubes de lectura. Nestes días estamos tendo as primeiras reunións dos membros dos clubs cos coordinadores, e acordando moitas cousas: o nome do clube, claves segredas, lugares de reunión, e, sobre todo, que libros vamos poñernos a ler.

Seguiremos informando de como van as cousas dos clubs e das lecturas que van facendo.

ESTÁN MONTANDO O BELÉN

Pois si, aí está o profe Nicolás facendo o Belén cuns cantos chicos voluntarios dos cursos de 5º e 6º (e con algún outro e outra que colaboran ocasionalmente).

Esta xa é unha tradición do noso colexio, e estes traballadores voluntarios cada ano fan un traballo máis interesante.



Grazas a [tod@s el@s](#) por alegrarnos a entrada do colexio con está tradición do Nadal

CONCURSO DE NADAL

O ENDL convocou un concurso de postais e de poesías do Nadal para todo o alumnado do colexio. Dentro de moi pouco os traballos gañadores serán publicados no Blog.

ORDEADORES NA BIBLIO

Pois sí, xa temos 2 ordeadores na Biblio para que poidades procurar informacións, ler, facer traballos.


Para podelos usar hai que ensinar o carné por puntos enteiroño, sen que haxa nen un só burato, e poñerse á cola. Os ordeadores funcionan no recreo do Comedor e por quendas de 15 minutos...

Aproveitádeos


ENGALANANDO O NADAL DENDE A BIBLIOTECA

Propoñémovos que antes de empezar a adornar a vosa casa con adornos típicos destas festas pasedes pola Biblioteca. Temos unha exposición de libros con traballos manuais, que [tod@s](#) podemos facer sen a menor dificultade, e que seguro que vos poden dar moitas ideas.


Como anticipo aí van algunhas recomendacións:



Libros de manualidades de Editorial Parramón, cos que con obxectos de reciclaxe poden realizar interesantes deseños. Hai varios libros con distintas temáticas



Anna Llimós en editorial Parramón tamén nos invita a realizar moitas actividades con diversos materiais.



A colección 'crea con tus manos' de editorial Everest nos ensina a facer traballos ao tempo que aprendemos distintas técnicas de traballo.



A editorial Parramón móstranos como facer manualidades con distintos materiais. Elixe o teu material preferido e a traballar!



Sabine Lohfman de Editorial Galaxia nos ofrece nesta colección manualidades para os máis pequenos. Simples pero moi interesantes.



A editorial Nova Galicia ensínanos nesta colección de manualidades como facer interesantes traballos decorativos con materiais de reciclaxe. Arte e ecoloxía en promoción 2X1. Fabuloso!